

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Augas de Galicia

Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Praza Camilo Díaz Baliño, 7-9,
15781, Santiago de Compostela

Asunto: Solicitud de información ambiental e alegacións para a súa constancia no expediente relativo ao Anuncio do 4 de novembro de 2022 polo que se publica a resolución pola que se outorga unha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago das Pontes, concello das Pontes de García Rodríguez, A Coruña (Exp. AC/13/176), BOP Número 215, de 14 de novembro de 2022, no expediente relativo ao Anuncio do 4 de novembro de 2022 polo que se publica a resolución pola que se outorga unha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, concello de Cerceda, A Coruña (Exp. AC/11/177), BOP Número 215, de 14 de novembro de 2022 e no expediente relativo ao Anuncio do 7 de setembro de 2022 da Dirección de Augas de Galicia, de apertura do trámite de competencia de proxectos do expediente de solicitude dunha concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre (Clave: AC/6/178), BOP Número 174, de 13 de setembro de 2022.

Don/Dona _____ con DNI.
Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en
_____, municipio de
_____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

No Anuncio do 4 de novembro de 2022 publícase a resolución pola que se outorga unha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago das Pontes, concello das Pontes de García Rodríguez, A Coruña (Exp. AC/13/176). Así outórgase unha concesión administrativa hidráulica á sociedade Amadorio Energía, SL para derivar un caudal máximo de 154,79 m³/s do lago das Pontes, no concello das Pontes de García Rodríguez, provincia da Coruña, con destino á produción de enerxía eléctrica, permitíndose o uso privativo excluínte do dito caudal entre a balsa superior (de nova construción) con cota da auga a nivel máximo de explotación de 535,00 msnm, e o lago das Pontes, con cota no nivel mínimo de explotación de 306,20 msnm.

Por Anuncio do 4 de novembro de 2022 publícase a resolución pola que se outorga unha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, concello de Cerceda, A Coruña (Exp. AC/11/177). Así outórgase unha concesión administrativa hidráulica á sociedade Coventina Renovables, SL para derivar un caudal máximo de 135,00 m³/s do lago de Meirama, no concello de Cerceda, provincia da Coruña, con destino á produción de enerxía eléctrica, permitíndose o uso privativo excluínte do dito caudal entre a balsa superior (de nova construción) con cota da auga a nivel máximo de explotación de 483,00 msnm, e o lago de Meirama, con cota no nivel mínimo de explotación de 168,40 msnm, nas condicións actuais, podendo chegar este nivel mínimo de explotación a cota 154,4 msnm no caso no que se detraeran caudais do lago de Meirama para outros usos preferentes (abastecemento urbano,..).

Por Anuncio do 7 de setembro de 2022 da Dirección de Augas de Galicia, publícase a apertura do trámite de competencia de proxectos do expediente de solicitude dunha concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre (Clave: AC/6/178), BOP Número 174, de 13 de setembro de 2022.

- Destino do aproveitamento: Aproveitamento hidroeléctrico (uso industrial para produción de enerxía eléctrica)
- Caudal de auga solicitado: 47.000 l/s
- Corrente de onde se derivarán as augas: río Tambre
- Termos municipais onde radican as obras: Brión, Negreira, Lousame e Rois (A Coruña)

Asociadas a estes aproveitamentos hidroeléctricos prevense as respectivas plantas de produción de hidróxeno (H₂).

Pero cales van a ser os requerimentos de auga para as plantas de produción de hidróxeno? De que cauces e/ou masas de auga se vai a sacar a auga empregada para a produción de hidróxeno nestas plantas?

Unha tonelada de hidróxeno en realidade necesita 18 toneladas de auga. Tendo en conta as perdas, a proporción é máis próxima ás 20 toneladas de auga por cada tonelada de hidróxeno.

A electrólise necesita ata 20 toneladas de auga, incluídas as perdas, para producir 1 tonelada de hidróxeno.

Proporcionar o tipo de auga adecuada para a hidrólisis custa diñeiro e o custo da purificación da auga non é o único gasto relacionado coa auga na tecnoloxía que busca fabricar hidróxeno a partir de fontes “renovables”. Ademais de ser pura, a auga que se introduce nun electrolizador ten que ser transportada a el. Outro punto é que o transporte de toneladas e toneladas de auga ao sitio dun electrolizador significa máis gastos para a loxística.

Para reducir estes gastos, as empresas elixen lugares onde a auga é abundante, por exemplo un río ou o mar, ou, alternativamente, preto dunha instalación de tratamento de auga. Isto pon un límite á elección de lugares adecuados para electrolizadores a gran escala. Pero como un electrolizador, para ser “ecolóxico”, necesita ser alimentado por enerxía renovable, tamén tería que estar preto dun parque solar ou eólico. Estes, como se sabe, non poden ser construídos en calquera lugar; os parques solares son máis rendibles en lugares con moito sol, e os parques eólicos funcionan mellor en lugares onde hai suficiente vento.

Así Galicia e os seus ríos preséntanse como lugares cobizados polas empresas para a elección deste territorio como lugar de sacrificio (recursos como o vento, a auga...), para os seus plans empresariais, que non son outros que maximizar os beneficios exportando a enerxía desde a periferia ata os países ricos do centro e norte de Europa. Así neste proceso de colonización enerxética acaban acaparando os recursos eólicos e a auga a prezos de saldo. Pero cal é o custe ambiental e social de todos estes procesos de mercantilización?

Augas de Galicia, a través das concesións referidas anteriormente, parece que está disposta a que esas plantas de hidróxeno acaparen a auga dos nosos ríos e dos nosos lagos. Nunha época de estrés hídrico e de seca global, e na que moitas aldeas e cidades de Galicia estiveron expostas á limitacións de auga para o consumo humano, semella que as grandes enerxéticas van a ter vía libre para empregar un recurso público como é a auga do lago das Pontes, a auga do lago das Encrobas e a auga do Río Tambre. A isto hai que engadir as perdas de auga que se producen nas balsas superiores das centrais hidroeléctricas de bombeo por efecto da evaporación e a redución drástica do nivel de auga destas masas para o enchido das balsas superiores, con un impacto ambiental severo e non avaliado tampouco por Augas de Galicia.

Non fai falta dicir que estes lugares non están, por regra xeral, preto de vías fluviais e importantes masas de auga.

Non todos os custos asociados á produción de hidróxeno a partir de fontes de enerxía “renovable” son os custos desas fontes de enerxía renovable. **A auga é o ben que o proceso necesita, e é un pouco estraño que tanto a Xunta de Galicia e en particular Augas de Galicia, non estén a falar do custo ambiental e social que vai a ter a inxente cantidade de auga que consumen as plantas de hidróxeno verde.**

Cal é o prezo ambiental e social que teremos que pagar?

En virtude do anterior,

SOLICITA:

- 1.- Acceso á toda a información ambiental da que dispoña Augas de Galicia, en relación ao consumo das toneladas de auga do lago das Pontes e dos cauces próximos a este como o Río Eume e/ou que tributan neste, para producir as 16.000 toneladas de hidróxeno verde que prevé fabricar o proxecto da planta de hidróxeno verde que entraría a funcionar no ano 2025 no lago das Pontes, tendo en conta que segundo os expertos para producir 1 tonelada de hidróxeno verde necesitaríanse 20 toneladas de auga (incluídas as perdas dos procesos).
- 2.- Acceso a idéntica información en relación ao lago das Encrobas e ao río Barcés e demais cauces afectados polo proxecto da central hidroeléctrica reversible e acceso á mesma información en relación á planta de hidróxeno asociada prevista para a central hidroeléctrica reversible ou de bombeo do Río Tambre.
- 3.- Incorpórese este escrito aos expedientes das concesións referenciadas na parte expositiva deste escrito e procédase ao rexeitamento das plantas de hidróxeno polo elevado consumo de recursos hídricos que as mesmas implican e a falla de viabilidade ambiental e ecolóxica destes procesos.

As Pontes, 18 de novembro de 2022

Asdo.- _____